



esquerda unida Nigrán

IGUALDADE

Introdución

Ninguén dubida xa das desigualdades políticas, sociais e económicas existentes entre mulleres e homes, ás que hai que poñerlle fin.

É esta convicción a que nos leva á creación dun punto específico para a igualdade de xénero no noso programa, malia que isto non restará en ningún caso unha perspectiva transversalizada do xénero sobre todas e cada unha das políticas municipais.

Fronte a este futuro abrazamos as potencialidades que ofrece o noso concello para transformar a realidade máis próxima, apostando pola igualdade.

Nigrán contou cun Plan de Igualdade 2011- 2014, que non foi actualizado. Ademais, a dito plan non se lle fixo un seguimento e unha avaliación.

Baixo o amparo das leis *4/2005, de 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres e Homes* e a lei galega pioneira no Estado español, *7/2004, do 16 de xullo, para a Igualdade de Mulleres e Homes*, e cara garantir o seu cumprimento, consideramos os seguintes obxectivos programáticos e medidas para a igualdade de xénero:

1. Un concello igualitario

En concreto comprometémonos a:

- Integrar a perspectiva de xénero asegurando o enfoque de xénero en todas as políticas do Concello, comprometendo unha partida específica para igualdade nos Orzamentos do Concello.
- Fortalecer o Centro de Información ás Mulleres (CIM) de Nigrán, mellorando o seu funcionamento.
- Deseñar o *III Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes para Nigrán*, que obedece á *Lei 4/2005, do 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres e Homes*. Este plan debe ser elaborado mediante un proceso dinámico e participativo coa veciñanza, encamiñado ao cambio social e que sitúe o compromiso coa igualdade de mulleres e homes como un valor central da cultura política, dotando ao Concello dos recursos precisos para que dito compromiso sexa real. Este Plan deberá ser obxecto de seguimento e avaliación.

2. A corresponsabilidade de Mulleres e Homes nos coidados

En concreto comprometémonos a:

- Mellorar a situación das persoas coidadoras mediante a redacción e execución dun plan de apoio a este colectivo.
- Visibilizar o valor do emprego doméstico en Nigrán, facilitando o achegamento á realidade das empregadas do fogar (asalariadas e non asalariadas).

3. Eliminación da violencia machista

En concreto comprometémonos a:

- Ofrecer unha atención de calidade para as mulleres que sofren ou sufreron violencia machista creando un **Protocolo Municipal de Intervención para Mulleres Víctimas de Violencia Machista**. Asemade ofrecéranse máis recursos e servizos segundo as necesidades específicas do protocolo e reforzaranse os servizos xurídicos e psicolóxicos do Centro de Información ás Mulleres (CIM).

4. Garantir a participación sociopolítica e económica das mulleres

En concreto comprometémonos a:

- Favorecer que as mulleres sexan axentes activas nos procesos participativos municipais, mediante a Creación do **Consello Local da Muller**, como instrumento para afondar na participación e corresponsabilidade na política municipal.
- Impulsar o tecido asociativo formado por mulleres nas parroquias, ou ben, soste-lo existente, coñecendo e atendendo as demandas e necesidades destes espazos, actualizando a información que exista sobre eles, participando das súas actividades e mellorando as subvencións das que poidan ser beneficiarias.
- Fomentar a creación de vogalías da muller no tecido asociativo existente en Nigrán.